



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 930 350 Fax 881 930 361
ies.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2021/22

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS - CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG do 29 de setembro), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **DOUS pais/nais**, dun total de TRES que debe ter o Consello Escolar. O/A outro/a representante de pais/nais é o correspondente ao representante da ANPA.
2. Co obxecto de manter os períodos de renovación, os membros do consello escolar elixidos conforme o proceso adiado no curso 2020/21 será nomeado por un período de **tres cursos escolares, un dos representantes dos pais/nais, e a outra praza será por un curso** (punto 3.2 da Resolución do 20 de setembro de 2021)
- 3.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día **3 de novembro** está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.
- 4.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. **As candidaturas poderán ser presentadas a partir do día 5 de novembro ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.**
- 5.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, **o día 16 de novembro, ás 12:10 horas na Biblioteca**. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 6.- A campaña electoral desenvolverase entre os días 18 a 22 de novembro. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES
- 7.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro, que estean avalados cando menos pola sinatura de dez electores/as.

8.- As votacións realizaranse neste IES o día 22 de novembro, de 16:30 a 18:30 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:20 horas.

9.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **UN** nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

10.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

11.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

12.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Narón, 3 de novembro de 2021

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

María Cristina Alves Ferreira

